

"A única verdade da voz poética é o aquí e o agora"

Montse Dopico

martes 20, outubro 2015



Dominio Público Praza Pública

Luís Valle gañou o premio Manuel Lueiro Rey de Poesía no 2015 con *As cicatres do Sol* (Sotelo Blanco). Poucos meses despois publicou tamén *Trona, o merlo*, con Barbantesa. No 2010 levara o Eusebio Lorenzo Baleirón con *Fedor* e no 2008 o premio de poesía Caixanova por *A caída*. A súa é unha poética de imaxes, de símbolos. Unha pugna constante entre os afectos por unha banda e a dor e a morte pola outra. Unha invocación á luz. Poemas do eu, que exploran tamén o nós. E a orixe. Falamos con el sobre todas as súas obras.

***Trona, o merlo* podería ser, en parte, como unha volta a *Zigurat*: o haiku, a brevidade. Pode ser? Por que? Que teñen en común estes dous poemarios?**

Zigurat é un proxecto que din ao prelo no 2001 e recolle textos datables entre xuño de

1997 e a Semana Santa dese mesmo ano. Partía do poema breve para avanzar cara ao extenso. Era un libro-semilleiro, unha obra de aprendizaxe sobre as distintas posibilidades poéticas. Dous dos catro poemarios que compoñen o volume de *Zigurat: Jano e Jethro en Irán*, son obras estruturadas de xeito exclusivo por poemas de tres versos. Neste sentido, hai un vínculo na elección métrica entre *Zigurat* e *Trona, o merlo*. A razón de regresar en *Trona, o merlo* ao poema breve é que gozo escribindo este tipo de textos. Pásoo realmente ben.

Hai continuidade entre todos os poemarios. En cuestións como a oposición amor e afectos / morte e dor, en favor dos primeiros, pero sen obviar a realidade dos segundos e quizais a complementariedade entre todos. ("Na morte hai luz / e no silencio / tamén hai luz", di *A caída*). En que sentido pode dicirse, entón, que é todo como unha unidade, nese aspecto temático?

Si, hai un fío condutor que ganduxa todos os poemarios porque todos eles beben das mesmas fontes; aínda que as motivacións para a súa escrita sexan ben diferentes. Penso que amamos como amamos precisamente porque morremos. Toda a nosa luminosa existencia ten un reflexo crepuscular que lle confire seriedade a este xogo no que andamos metidos.

"Amamos como amamos precisamente porque morremos"

A túa é unha poesía de imaxes. Mesmo cando é máis narrativa. De símbolos. Que parten, moitas veces, das sensacións. Por que?

A miña obra poética pode ser descrita como unha poesía de imaxes e de símbolos. Pero creo que a clave está no emprego desas imaxes e símbolos. Falando, por exemplo, dos símbolos, o antropólogo Gilbert Durand explicaba que estes teñen algo máis que un sentido artificialmente dado porque apprehenden un esencial e espontáneo poder de resonancia... Ese poder é innegable. Os símbolos son, polo tanto, útiles para, como dicía Pound, cargar a linguaxe de significado até o seu grao máximo.

Está moi presente sempre a natureza, con imaxes que se repiten como a pomba ou o merlo. Non é unha natureza humanizada, pero si fala de nós. Por que?

A natureza fala de nós porque somos parte dela. Non cabe situarnos ou explicarnos fóra dela. De feito, fóra da natureza somos insignificantes. Non existimos.

"Fóra da natureza somos insignificantes. Non existimos"

O sol, a luz, o libro ou as cicatrices son imaxes moi recorrentes. O sol, a luz, deixan ver o que é importante na vida. Tamén o negativo, como a perda. Por que esa presenza da luz?

Percibimos os obxectos grazas á luz. A luz realmente é conformadora, creadora de realidades. Nese sentido, a luz tamén posúe, significa e transmite. A maiores, a facultade da vista está asociado na miña poesía aos accidentes da vida; o xeito de mirar denota unha escolla emocional e mesmo a luz pode sorprendernos, excedernos, asombrarnos e afectarnos dun xeito físico... Vénme á cabeza un poema de *Tronq, o merlo* que pode servir de exemplo: "Ollando as oucas / esa libélula pintoume / un ollo de negro."

En *Caderno do mendigo* hai fame, miseria, engano, cicatrices, perda, soidade, lembranzas. E procura, a pesar de todo, da "Salvación". É nese contraste onde quere situarse a voz poética? Ou máis ben do lado da perda?

A única verdade da voz poética é o aquí e o agora. Os sentimentos mudan, as ideas e as posicións vitais tamén. Polo tanto, a voz poética troca e contradíse porque é libre para facelo. En calquera caso, esa vontade da voz poética nace dunha elección sempre condicionada polo 'éthos'. Por outra banda, a Salvación, así con maiúscula, semella na miña obra a auga dunha pinguela: cae na man e logo escápase entre os dedos.

"A voz poética troca e contradíse porque é libre para facelo"

***Fedor* está moi marcado pola morte. E ten algo bíblico. Ou se cadra primixenio. Como unha procura. Un intento de entender o esencial, tras a perda e a dor. Por que?**

Sen dúbida. *Fedor* medra polo amor á vida. Ese amor leva ao eu poético aos límites e, unha vez aí, a morte esnaquiza a vida e abre un baleiro baixo os seus pés que o obriga a avanzar penosa, case milagrosamente, a través dos días.

Un texto que exemplifica ben o anterior sería: "Desgonzo a porta do soño. Des- / cendo pola lucidez das cañeiras: / sen sinal do teu corpo. Nos meus / ollos desángranse as auroras! Na / miña boca afórcanse os animais diúrnos!"

Moitos poemas están escritos en primeira persoa e é frecuente que apelen a un ti, que é o encontro, a perda... Por que?

É a opción máis evidente en moitos casos. Trátase dun recurso para procurar o exacto correlato emocional. O uso da primeira persoa tamén ten ás veces vantaxes desde un punto de vista melódico, pola resulta da cantidade silábica.

Son poemas do íntimo, do eu. Pero tamén está o nós. "Átome ao teu bautismo neste país enfermo", por exemplo. Do nós está, por exemplo, o idioma, a identidade. Ou a fame do mendigo. De que maneira está ese nós nos teus poemarios?

Ese nós é flutuante. Refírese, como resulta evidente, aos que están máis preto,

emocional ou fisicamente, ao eu poético. O nós xorde como consecuencia de abrir os ollos e atreverse a empregalos.

"O nós xorde como consecuencia de abrir os ollos e atreverse a empregalos"

En *A caída* as imaxes teñen moita forza. Hai máis luz, en todos os sentidos. "Nesta páxina /evítase a dor", di un dos poemas. Que o fai diferente dos outros libros teus?

Penso que é un libro formalmente menos homoxéneo que outros como *Fedor*, *As cicatrices do Sol* ou *Trona, o merlo*. Nese sentido, quizá haxa en *A caída* licencias compositivas que nesoutros citados sexa difícil de atopar.

Tampouco é un libro especialmente positivo. Abundan poemas, como *Xénese*, desoladores: "Coloco as mans / como coroa / infatigable / sobre ti.// Cubro o teu corpo / de lagostas. / Queimo / a túa biblioteca, / o teu faro. // Es / un continente / pedregoso."

En *As cicatrices do Sol* volve o Libro, e a propia obra é bastante narrativa. E volve o primixenio. A Antigüidade, se cadra. A raíz. A orixe. Por que?

Non se trata de algo premeditado, pero si que é certo que moitas das miñas lecturas recorrentes son o Pentateuco, o Popol Vuh, o Chilam Balam, o Gilgamesh ou os textos dos poetas arcaicos gregos. Así, o normal é que parte desas lecturas se acrisolen na miña escrita. Creo que son textos evocadores e a min conmóvenme. Falamos co que xa está aquí, co que aconteceu, co que foi realizado.

Dixeches noutra entrevista que te influíran os poetas románticos. Por que te identificas con ese tempo?

En realidade, non me identifico exactamente co seu tempo, pero si admiro as súas realizacións. Sinxelamente, moitos son grandes artistas. En calquera caso, non falaría só dos poetas. A poesía de Keats impresióname tanto como a música de Mahler ou os lenzos de Turner, por exemplo.

"A poesía de Keats impresióname tanto como a música de Mahler ou os lenzos de Turner"

Podes contar un pouco como comezaches a escribir poesía e a súa relación coa túa pintura? Os teus primeiros libros estaban en castelán por algunha razón especial?

Debuxo e leo con avidez desde moi pequeno. Escribo poesía con vocación de estilo

máis ou menos desde os 18 anos. Unha persoa esencial para perseverar na escrita foi un compañeiro da Facultade de Humanidades-Filoloxía Hispánica: Luís Calvo Vidal. Tamén foron importantes, polas claras indicacións que recollían, algunhas cartas de Antonio Gamoneda nas que criticaba algúns textos que lle facía chegar. Penso que os primeiros libros están escritos en castelán porque boa parte dos autores que máis admiraba e aspiraba a emular escribiran nesa lingua. Porque desexaba crear algo como *Piedra de sol* ou “Amor constante más allá de la muerte.”

Tes formación en Humanidades e xestión cultural. E nos teus libros creo que se transparenta esa inquedaanza polas Humanidades. En que sentido?

As obras que se escriben son froito da vida, das experiencias e das lecturas. Desde pequeno amo os libros. De feito, pasei a miña infancia e xuventude nunha librería e creo que con 12 ou 13 anos xa estaba interesado por conformar unha biblioteca propia cun certo gusto. Deste xeito pode dicirse que, por sorte ou por desgraza, cheguei ás Humanidades moito antes de decidir cursar estudos neste ámbito. Tiven moi bos profesores e aproveitei no que puiden as súas ensinanzas, pero non sei como se transluce isto na miña escrita.

Podes falar un pouco da experiencia das revistas que dirixiches? E da túa investigación sobre muller e educación?

Dirixín dúas publicacións hai unha chea de anos: *Evohé*, que é, pois aínda se edita, a revista cultural do campus lucense da Universidade de Santiago de Compostela, e 65+, que era a revista sociocultural dos maiores do Concello de Lugo. Ambas experiencias foron proveitosas grazas ás persoas que tiveron a ocasión de coñecer: creadores e vellos. O relato dos nosos maiores, que xenerosamente comparten con nós fragmentos da súa memoria e experiencia, é algo valiosísimo.

En canto as investigacións sobre muller e educación, no dous mil e pouco, no Arquivo Municipal de Lugo empezamos un proceso de estudo e documentación sobre a historia das mulleres lucenses e realizamos unha serie de exposicións e catálogos. A raíz disto, e coincidindo logo co meu desempeño como investigador no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), entre o 2005 e 2008, empecei a ler e interesarme dun xeito específico sobre o vínculo muller-educación. Lin e documenteime bastante sobre todo nos eidos da educación non formal e as teorías feministas e, daquelas, publiquei algún pequeno traballo monográfico, comisariei, en conxunto con María Xosé Méndez Lois e Ana Martínez Arenaz, *Mestras: unha biografía repleta de soles*, e colaborei na redacción de *Mulleres na educación en Galicia*. Nalgún momento supoño que hei de retomar o tema xa que teño material abondo para escribir varios libros. O que non sei é como enfocarei ese traballo.